


CANDEÁN

ÁREA ETNOARQUEOLÓXICA




A parroquia de Candeeán linda polo leste coa parroquia de Teis, coa de Lavadores polo suroeste, coa de Cabral polo sur, e cos concellos de Redondela e Mos polo norte e leste. As súas cotas máis altas acadaas nos montes da Madroa, ao redor dos 300, e do Vixiador, a 420 m sobre

o nivel do mar, e cun forte dominio visual sobre a ría de Vigo e do val do Fragoso.

Segundo os datos dos censos máis recentes conta 4.602 veciños e veciñas.


ROTEIRO ÁREA ARQUEOLÓXICA MÁMOAS DE CANDEÁN

CONXUNTO FUNERARIO DE ÉPOCA PREHISTÓRICA
(V MILENIO-II MILENIO A.C.)



A parroquia de Candebán destaca pola importancia do legado arqueolóxico que se agocha nos seus montes, sobre todo no relativo á etapa da prehistoria coñecida como **Megalitismo**, caracterizada polas construcións funerarias realizadas con grandes pedras (do grego antigo megas=grande, lithos=pedra) e coincidente en Galicia co Neolítico.

O Neolítico é a etapa da prehistoria (5500-2500 a.C) na que os poboadores dun territorio van abandonando os modos de vida nómades baseados na caza e recolección para



CÁMARA DA MÁMOA DE CASA DOS MOUROS

pasar a producir os seus propios alimentos mediante a agricultura e a domesticación de certas especies animais, como a cabra e a ovella.

Este cambio traerá grandes consecuencias na relación do ser humano co medio no que habita, instalándose nel dun xeito cada vez máis permanente. É o que se coñece como proceso de **sedentarización**, nacemento con el as primeiras aldeas e, paralelamente, as primeiras construcións funerarias.

En Candebán atopamos 13 dos 51 enterramentos megalíticos -coñecidos popularmente como **mámoas**- que hai rexistrados en todo o concello de Vigo, o que equivale a un 25% do total. Unha porcentaxe que aínda podería ser maior se temos en conta que 5 delas foron desgraciadamente destruídas na zona da Madroa.

Este conxunto arqueolóxico forma parte dun máis complexo que se atopa en Monte Penide, no concello de Redondela, con 39 mámoas, conformando unha das concentracións megalíticas máis senlleiras de toda Galicia.

ONDE SE ATOPAN

O seu emprazamento no territorio ten un patrón bastante definido. Ningunha está situada en terreos de val, senón nos planaltos e nas zonas de tránsito dos montes, polo que é frecuente atopalas asociadas a sendas e camiños tradicionais.

En Candebán sitúanse nunha liña que en dirección sudoeste-nordeste ascende dende a Devesa até o Alto de Coto Ferreira, agrupándose en pequenas necrópoles como as de Chan dos Touciños ou Costa Freiría.

Moitas delas sufriron intensas agresións e, como vimos, nalgúns casos, a súa total destrución e desaparición. Os motivos das alteracións son diversos, pero principalmente polo descoñecemento da cidadanía do seu valor histórico e cultural e os impactos de prácticas urbanísticas descontroladas.

QUE SON


As mámoas son tumbas formadas por un montículo de terra ou túmulo de forma hemisférica, que adoita ter no seu interior unha estrutura feita con grandes pedras chamadas **ortostatos**, que conforman a **cámara funeraria**. No exterior, o túmulo, tamén pode contar cun anel de pedra na súa volta e estar recuberto por unha coiraza de pedras.

A súa construción supoñía unha complexa organización social, preparándose o terreo previamente mediante rozas, manexando pedras que podían pasar facilmente das dúas toneladas e seleccionando coidadosamente a terra que ía ser empregada na tumulación. A cámara funeraria, tamén coñecida co nome de **dolmen**, pode ser de varios tipos: poligonal, circular, con corredor de acceso...; e ás veces pode estar decorada con gravados e/ou pinturas, como acontece no famoso dolmen de Dombate (Cabana, A Coruña). No seu interior, os defuntos adoitan estar acompañados dun enxoval composto por obxectos que, suponse, poderían serlle de utilidade no alén, como cuncos para comer ou beber, frechas ou pequenos obxectos traballados en pedra.


A NOSA PRIMEIRA ARQUITECTURA MONUMENTAL

Como amosa a ilustración, tratábase case sempre de sepulturas colectivas, pertencentes a un grupo ou familia, que se estenderon polo occidente europeo entre o V e o III milenio a.C. Os modelos galegos non teñen as grandes dimensións das sepulturas andaluzas, do Alentejo (Portugal) ou bretoas (Francia), pero supoñen o noso **exemplo máis antigo de arquitectura monumental**, aquela realizada con vocación de ser admirada e de perdurar.

Esta arquitectura funeraria monumental está contraposta coa arquitectura reservada para os vivos, os poboados, que realizaban as mesmas comunidades prehistóricas pero sen intención de permanecer no tempo, feitas con materiais perecedoiros como madeira, palla ou barro. Do que podemos deducir que estas construcións non tiñan soamente unha función funeraria, de mero contedor, senón que tiñan tamén unha forte carga simbólica, incluso sagrada, marcando ostensiblemente o territorio coas tumbas dos seus antecesores, que permanecían abertas como se de templos se tratase.




ESTRUTURA CONSTRUTIVA DUNHA MÁMOA, UNHA TUMBA DE ÉPOCA PREHISTÓRICA



IDEALIZACIÓN DO INTERIOR DUNHA CÁMARA FUNERARIA



TRANSPORTE DAS PEDRAS



COMO AS CONSTRUÍRON

CULTURA POPULAR

Como acontece noutros moitos lugares da nosa xeografía, a construción e habitación das mámoas son atribuídas ao tempo dos mouros. Un tempo pasado sen data concreta que non hai que confundir co dos "mouros" históricos do pasado islámico.

As mámoas, sendo parte desa sorte de universo paralelo, constitúen lugares de respecto, configurándose así un saber que se herdou a través das xeracións. Aos nenos e nenas avísanlles que as mámoas son espazo de mouros e, como tal, non se pode brincar neles.

No caso de Candeán atopamos un par de lendas que asocian estes seres (os mouros) co conxunto das mámoas e outro xacemento da parroquia, o Castro de Freiría:

1. Un veciño xa finado do lugar de Freiría chamado o Tumba comentaba que no tempo da Guerra de Marrocos, na que loitara, falara cun mouro que lle contara que os seus devanceiros reuníanse no Coto Ferreiro, no Monte do Vixiador. Para el, era un lugar coñecido e sagrado.

2. Os habitantes do Castro de Freiría, contaban os vellos, xuntábanse no castro cos mouros da Casa dos Mouros, do Vixiador e dos arredores para iren ao Largo da Rabaleira, en Candeán, venderen e intercambiarren produtos con outros mouros. A senda que seguían era o camiño do "Crasto".



PUNTA DE FRECHA RECUPERADA
NA MÁMOA DE COSTA FREIRÍA I



ESTENSIÓN DA CULTURA MEGALÍTICA POLA FACHADA
ATLÁNTICA DURANTE O V MILENIO ANTES DE CRISTO

Cara ao 2700 a.C. ten lugar o peche das grandes construcións megalíticas, iniciándose un período de cambios en que se seguirá empregando o sistema de enterramento en forma de túmulo, pero desta vez destinado máis para individuos concretos que grupos, e que culminará cos enterramentos individuais en cista (pequena caixa de pedra) e sen tumulación, que xa non queren destacar na paisaxe, posibelmente para protexer mellor o enxoval do seu interior.

Isto coincide máis ou menos coa fin do Neolítico e o inicio do Calcolítico ou Idade do Cobre, en que un tipo de sociedade, posibelmente máis belixerante e menos igualitaria, empeza a promocionar individuos que acumulan, en meirande medida, poder e riquezas.